
Á ÚLTIMA

A PREGUNTA *¿SERÁ QUEN O CALVO XIRIA DE DAR CAZA AO SEIS DO NADAL?*

O XIRIA VOLVEU GOZAR DO ENTROIDO



O de xogar en Entroido restou protagonismo aos xogadores do Calvo Xiria durante as celebracións. Aínda así, algún lesionado si gozou de permiso para disfrazarse o venres… Outro dos que nunca falla e o delegado. Un tipo duro, sen dúbeda… O sábado xa puideron gozar a maioría de xogadores, moitos deles ataviados con prendas femininas e longas pelucas. Houbo de todo. Incluso o "presi" estaba ideal para curtar troncos… ¡¡¡Lástima de foto!!!



Calvo

XIRIA BM

XANEIRO ANO 2008

NOVO ÉXITO DA CANTEIRA DO XIRIA

PRATA DE LEI

Contido

Actualidade Cinco xogador@s da canteira do Xiria consiguen medalla nos campionatos de España	2
Actualidade O Calvo Xiria salva o mes de xaneiro cunha derrota fronte á SAR e tres victorias	4
Reportaxe Presentación de todos os equipos do Xiria para esta temporada	5
Base Botan a andar os equipos cadete e infantil feminino	9
Entrevista Pablo fala da temporada do Calvo Xiria en Primeira	10
Á ÚLTIMA	12



ALEX ZAS, MIGUEL SUÁREZ-PUMARIEGA E DAVID GARCÍA PROCLAMÁRONSE SUBCAMPIÓNS DE ESPAÑA COA SELECCIÓN GALEGA

AS XOGADORAS CARBALLESAS SHEILA LAVANDEIRA E CRISTINA GENDE, ACTUALMENTE NO BM. NARÓN, ACADARON O BRONCE

caixanova

ÉXITO DA CANTEIRA DO XIRIA

A base do Xiria segue a estar de noraboa. Os xogadores David García e Miguel Suárez-Pumariega, coa selección galega infantil, e Álex Zas, coa cadete, proclamáronse subcampións de España nos Campionatos de España de Seleccións Autonómicas que se celebraron en Vigo. Ademais, no campionato estatal que se celebrou en Extremadura na categoría xuvenil feminina, a Selección Galega acadou a medalla de bronce. Do combinado galego formaron parte as xogadoras carballesas Sheila Lavandeira e Cristina Gende, formadas nas categorías de base do Xiria e que, na actualidade, militan no Bm Narón xuvenil. No campionato celebrado en Vigo, o combinado infantil caeu por un axustado 31 a 30 fronte



Alex, David e Miguel durante a disputa dos Campionatos de España.

As fotos foron tomadas e cedidas por por Guillermo González, fotógrafo oficial da Organización

á selección andaluza, coa que xa perderan na primeira fase do campionato. Tanto David como Miguel tiveron unha destacada actuación, que puxo o punto e final a un gran campionato por parte dos carballeses. Menos axustado foi o resultado da final en categoría cadete. Nada puideron facer os galegos fronte a Cataluña, un conxunto que amosou a súa superioridade durante todo o encontro. As medallas acadadas en Vigo e Extremadura confirman o bo momento que está a vivir o balonmán de base en Galicia e volve a demostrar que Carballo tamén conta con pezas fundamentais dos éxitos do combinado galego.

AUTONÓMICA E DO PAPEL FUNDAMENTAL QUE ESTÁ A XOGAR NO EQUIPO

MOI IMPORTANTE DE CARA AO FUTURO"

- Non. Entendo que estamos nesa fase clave para dar un salto importante e poder aspirar a facer cousas boas no plano deportivo. A experiencia adquirida nos dous últimos anos debe servir para comezar a plantexar obxectivos máis serios a partir de xa.

- Sobre a liga. ¿É posible chegar ás dúas primeiras posicións?

- A primeira praza creo que xa ten dono e da segunda hai una distancia considerable. Aínda así, o noso obxectivo debe ser gañar todos os partidos que restan e confiar nun par de tropezos do Seis do Nadal. Quizáis meténdolle presión podan sentirse máis inseguros.

-¿Entón hai opcións?

- Poucas pero si. As matemáticas así o indican.

- A pregunta do millón... ¿Por qué hai tanta diferenza no rendemento do equipo na casa e fóra?

- É algo que non acertamos a entender. En Carballo só perdemos un partido e fóra... Creo que non tardaremos en corrixir esta situación e, de feito, vimos de gañar nunha pista difícil como a do Lavadores, que de seguro nos vai dar moral para afrontar choques futuros a domicilio.

-Por certo, estamos a ver un Pablo moi goleador...

- É cuestión de confianza. Síntome moi ben e nótase na pista. Non me podo queixar de como me están a sair as cousas.

OAK english centre

LISTA GRANT, S.A.

O CENTRAL CARBALLÉS FALA PARA XIRIA BM DA CAMPAÑA DO XIRIA EN PRIMEIRA

PABLO: "ESTA PODE SER UNHA TEMPORADA



É un dos xogadores máis regulares do Calvo Xiria esta temporada. A súa seguridade e visión no centro do ataque carballés está a resultar vital no que vai de campaña. Pablo vive un momento moi doce nas filas do Calvo Xiria e fainos unha valoración do que vai de temporada.

- ¿Cómo valoras a temporada de momento?

- Creo que hai que valorala positivamente. Penso que o equipo está a madurar cada partido que pasa e estamos a coller a confianza necesaria para loitar polos postos de cabeza. Pode ser unha temporada moi importante, sobre todo, de cara ao próximo ano.

- ¿E no plano individual?

- Estou moi contento. As cousas están saíndo ben e atópome moi cómodo na pista. Espero seguir así ata final de temporada.

- Sempre se fala da xuventude deste equipo e o máis que prometedor futuro que pode ter. ¿Está moi lonxe ese futuro?




RECEPCIÓN OFICIAL NO CONCELLO

O Concello de Carballo homenaxou aos cinco balonmanistas carballeses que tan brilantemente acadaron os subcampionatos e a terceira praza coas seleccións galegas de base, ofrecéndolles unha recepción oficial na casa do concello. Álex Zas, do Oak English Centre Xiria, David García e Miguel Suárez-Pumariega, do Ifecgás Pereira Xiria, e Sheila Lavandeira e Cristina Gende, que militan no Bm Narón, foron recibidos na casa consistorial polo alcalde de Carballo, Evencio Ferrero, o concelleiro de deportes, Marcos Trigo e a delegada provincial de Cultura e Deportes, Milagres Lantes. Na recepción, os xogadores da canteira do Xiria recibiron diversos agasallos. Do acto tamén participou o seleccionador infantil masculino, Eduardo Patiño, exadestrador de Xiria e home ligado laboralmente á vila de Carballo. Os xogadores carballeses departiron coas autoridades durante un bo anaco e recibiron a súa homenaxe particular e o recoñecemento a unha traxectoria deportiva xa consolidada en idades moi tempranas. Confiemos en que a esta lista de xogadores carballeses se unan moitos máis en futuras convocatorias e que os cinco homenaxeados podan seguir dando alegrías deste tipo ao balonmán local.



Actual plantilla do Calvo Xiria



O CALVO XIRIA, NO BO CAMIÑO

A derrota sufrida contra a SAR en Redondela (algo que se pode considerar como probale), non debe empanar o bo mes de xaneiro que fixo o Calvo Xiria en Primeira Autonómica. O equipo de Marcos Rodríguez vaille collendo o pulso á competición e foi quen de sumar tres victorias que o achegan á zona alta da clasificación. O Cisne e o Cangas probaron a mediciña do Pavillón Municipal da Zona Escolar, onde só a SAR foi quen de gañar esta temporada. O Calvo Xiria foi quen de dobregar ao Cisne por seis goles de diferenza, mentres que o Cangas sucumbía ao poder anotador dos carballeses recibindo unha sonada paliza en Carballo (41-23). Ao remate do mes, afrontaba o equipo de Marcos Rodríguez unha das saídas máis complicadas que lle quedaban. Agardaba o Lavadores en Vigo, un equipo correoso e que non adoita a ser cómodo para os de Carballo. O Calvo Xiria deu mostras de fortaleza e madurez e soubo manter sempre diferenzas de entre un e tres goles para sorprender ao conxunto olívico. Unha importante victoria que pode supoñer o despegue definitivo do equipo.



Chimpo culmina unha acción de ataque no partido fronte ao Cisne en Carballo



TURNO PARA AS RAPAZAS

A entrada do novo ano coincide co comezo da competición para os equipos femininos do Xiria. O Punta del Este Xiria, en categoría cadete, e o Asesoría Sueiro Xiria, en infantil, inician os campionatos provinciais a finais de xaneiro. Narón e Camariñas serán os rivais das carballesas, nunha competición con poucos equipos e que deixa entrever que a base, en categoría feminina, non está a vivir un bo momento na zona norte. Unha das principais tarefas do clube carballés será, precisamente, realizar unha maior captación para que o número de rapazas que practican o balonmán en Carballo creza de cara a próximas temporadas.



Fernando Vázquez e Sebastián dirixen aos dous equipos en categoría feminina

De feito, o curto número de nenas fai que algunhas de idade infantil xoguen tamén co equipo cadete. De todos os xeitos, ilusión e gañas non faltarán para as carballesas que, baixo as órdenes de Fernando Vázquez e Sebastián, tentarán seguir progresando na práctica deste deporte. O Narón será o equipo a batir no plano deportivo, clube onde radican en categoría xuvenil as carballesas Sheila e Cristina, asiduas ás convocatorias da seleción galega.

PROCASA

PRESENTACIÓN EQUIPOS 2007/08







PRESENTACIÓN EQUIPOS 2007/08

O mes de xaneiro foi elixido para a presentación oficial de todos os equipos do club. Presentáronse un total de quince equipos, que podedes coñecer nesta reportaxe fotográfica. Ao acto asistiron o alcalde de Carballo, Evencio Ferrero, o concelleiro de Deportes, Marcos Trigo, e os dous principais patrocinadores do club: Luciano Calvo, de Conservas Calvo, e Carlos Pereira, de Ifecgás Pereira.





PRESENTACIÓN EQUIPOS 2007/08







PRESENTACIÓN EQUIPOS 2007/08





